

**IGADIPaper** é un medio de análise e información do IGADI que aspira a afondar de forma equilibrada e sintética nalgún conflito, acontecemento ou tendencia internacional de relevancia e actualidade”.

## ITALIA: NOVO GOBERNO ¿NOVA POLÍTICA?

- a) **Introdución**
- b) **Un modelo “híbrido” en Roma**
- c) **Unha “fronte Sur” contra a austeridade?**
- d) **O avance das alternativas “antisistema”**

## a) *Introdución*

Tras case tres meses de tensas negociacións postelectorais, Italia finalmente logrou conformar un goberno de coalición liderado polo primeiro ministro **Enrico Letta**, do centreesquerda Partido Demócrata (PD). Ábrese así unha nova lexislatura con especial acento en posibilitar unha especie de “modelo híbrido”, confeccionado en torno ao peso da tendencia “tecnocrática” imperante na Unión Europea (UE) contemporizada cunha alternativa de cariz máis “político” orientada a diminuír os efectos do modelo de austeridade.

A conformación deste novo goberno italiano pode transparentar as tensións actualmente existentes en Europa entre esta tendencia “tecnócrata” (en gran medida auspiciada pola persistencia das políticas de austeridade e da presión das elites políticas e financeiras a través dos seus *lobbies* en Bruxelas), e outras alternativas con maior peso político, tendente a cuestionar a persistencia deste modelo de austeridade “tecnocrática”. Deste xeito, o termómetro xeopolítico dentro da UE ben pode afirmar a eventual apertura dunha especie de “fronte Sur”, con especial incidencia en Italia, Francia e incluso Grecia, que matice o predominio político e económico alemán.

## b) *Un modelo “híbrido” en Roma*

A conformación dun novo goberno de coalición en Italia, liderado polo primeiro ministro Enrico Letta (46 anos), pon eventualmente fin a unha crise política postelectoral que, durante case tres meses trala celebración das eleccións lexislativas en febreiro pasado, evidenciou fortes impedimentos para garantir a gobernabilidade en Roma.

Se ben os retos de Letta son numerosos en materia económica, probablemente o seu principal *test* pasa por estabilizar un escenario político tensado por todo tipo de presións e demandas. Tres elementos connotan este modelo “híbrido”: por unha banda, o peso político decisivo que terá o polémico ex primeiro ministro **Silvio Berlusconi**, a través do seu delfín **Angelino Alfano**, quen ostentará a vicepresidencia e a carteira de Interior. Por outra, a presenza da ex eurodeputada **Emma Bonino** como ministra de Exteriores, que lle outorgará

Esta eventual concreción de eixes levemente diverxentes entre o Norte e o Sur foise concretando trala breve xira europea realizada por Letta pouco despois de xurar o seu cargo, e que levouno a Berlín, París e Bruxelas. Probablemente o mais salientable desta xira foi a reunión de Letta co presidente francés **François Hollande**, con quen aparentemente acordou medidas orientadas a cuestionar a preponderancia do modelo tecnócrata de austeridade e a defender as bases fundamentais do proxecto comunitario, con políticas de crecemento económico que permitan garantir o gasto público social.

Así, mentres as políticas de austeridade derrubaban paulatinamente as bases do Estado social do benestar fortalecendo a precariedade socioeconómica, o novo contexto político implica igualmente un reto ineludible para a esquerda e a socialdemocracia europea, atomizada politicamente e aparentemente incapaz de reaccionar con alternativas viables. Este escenario pode igualmente alentar o avance electoral das tendencias populistas, “euroescépticas” e reaccionarias, tal e como se observa co ascenso da ultradereita Amencer Dourado en Grecia ou do partido euroescéptico británico UKIP nas recentes eleccións municipais celebradas en Inglaterra e Gales.

unha dimensión de alcance en especial no relativo ás relacións coa UE. E finalmente a preponderancia de figuras de carácter tecnócrata, moi en sintonía coas preferencias de Berlín e Bruxelas.

Paralelamente, non se debe esquecer a presión política e social derivada da aparición de novos actores “antisistema”, contestatarios e críticos coa clase política italiana, entre os que imponse o “Movemento Cinco Estrelas” do comediante **Beppe Grillo**, que obtivo un importante resultado electoral en febreiro pasado.

O novo gabinete italiano suxire unha especie de “matrimonio de conveniencia” con Letta e o presidente **Giorgio Napolitano** (88 anos) como referentes que, invariablemente, non descarta as maiores incertezas sobre a súa consistencia e duración. En todo caso, a significación política de Bonino (Partido Radical) como ministra de Exteriores, lle permitirá promover deter-

minadas orientacións na relación entre Roma e Bruxelas, equilibradas pola presenza de figuras de carácter “tecnocrático” en postos chave, como son os casos de **Fabrizio Saccomani**, ex director do Banco Central e agora ministro de Economía; **Anna María Cancellieri**, do ministerio de Interior a Xustiza; e de **Enrico Gino-vannini**, ex director do Instituto de Estatísticas e novo ministro de Traballo. Este gabinete “híbrido” complétese cunha simbólica viraxe progresista ante os nomeamentos, entre outros, de **Cecile Kyenge**, inmigrante de orixe congoleza nomeada ministra de Integración; e **Josefa Idem**, inmigrante de orixe alemá que pasará a ministra de Igualdade.

O goberno de Letta, por outra banda, podería interpretarse igualmente como un tenue “toque de atención” cara Berlín e Bruxelas ante a perpetuación do modelo económico de austeridade e de impulso de elites tecnócratas. Sen desprezar as complexidades que seguramente aparecerán ante as presións exteriores, as tendencias

### c) Unha “fronte Sur” contra a austeridade?

O novo goberno de Italia manifesta dúas vertentes principais. A primeira, constata o notorio peso das elites políticas “tecnócratas” instaladas nos gobernos e institucións da UE, así como a constante presión de Berlín á hora de conformar estes novos gabinetes. E, segundo, aposta por unha moderada contestación da excesiva persistencia dese modelo de austeridade imperante actualmente na UE.

Tras reunirse con Merkel en Berlín, Letta visitou París para tentar albiscar co presidente Hollande a posibilidade de alentar unha especie de “entente” franco-italiana orientada a premer politicamente para equilibrar as apostas estratéxicas de Berlín. Deste xeito, aparentemente podería certificarse a ruptura do consenso entre Berlín e París dende tempos do polémico eixe “Merkozy” conformado por Merkel e o ex presidente francés **Nicolás Sarkozy**.

Cunha capacidade de presión e influencia aínda incerta, este eventual eixe Letta-Hollande buscaría potenciar políticas de crecemento a través do gasto público coa atención dirixida a ofrecer solucións ao desemprego na UE, índice que afecta aproximadamente a 26,5 millóns de persoas, especialmente sensible dentro da mo-

“populistas” e dereitistas (especialmente por parte do partido Pobo da Liberdade de Berlusconi) e a marcada deriva existente na esquerda italiana, Letta tentará afirmar a autonomía do seu goberno, en especial á hora de negociar con Alemaña e a UE.

Non obstante, as medidas para encarar a recesión económica tras ano e medio de impopulares medidas de austeridade por parte do goberno de **Mario Monti** e o aumento do desemprego (11,3% en marzo pasado) incrementarán a conflictividade e as complexidades políticas internas. Neste aspecto, os retos céntranse en acordar solucións para a elevada presión fiscal (calculada nun 53% do PIB) e da eventualidade dun desequilibrio orzamentario. Calcúlase que Italia precisa duns 11.000 millóns de euros para equilibrar as súas contas públicas<sup>(1)</sup>.

1 “Italia tiene nuevo gobierno y Berlusconi será determinante”, *Clarín* (Arxentina), 28 de abril de 2013. Ver en: [http://www.clarin.com/mundo/Italia-nuevo-gobierno-Berlusconi-determinante\\_0\\_909509147.html](http://www.clarin.com/mundo/Italia-nuevo-gobierno-Berlusconi-determinante_0_909509147.html)

cidade europea. Con todo, Letta non escapa á “tutela” exterior, principalmente emanada do poder da “troika” conformada polo Banco Central Europeo, o FMI e a Comisión Europea, e auspiciada por Berlín e Bruxelas coa mirada posta nos países do Sur mediterráneo, principalmente Portugal, Grecia, Chipre e España.

Está por ver, pois, se Europa finalmente se dilúe neste pulso de alternativas, unha virada no fomento dun modelo da “tecnocracia” amparado por draconianas medidas de austeridade fiscal que, progresivamente, desmontan as bases e os logros do Estado social do benestar existente na Europa da posguerra. E outra de carácter mais contemporizador, convencido da necesidade de preservar o Estado social do benestar, o que significa “retroalimentar” o proxecto de integración da UE. No fondo afirmase un preocupante panorama social agravado pola crise económica que pode determinar o avance de novos actores políticos, algúns deles incluso de carácter “antieuropeo” ou euroescéptico.

Paralelamente, debe significarse o actual proceso de parálise e de división política dentro da socialdemocracia e da esquerda europea. Mentres o modelo “tecnócrata” fortalece as opcións conservadoras, centristas e

liberais en diversos gobernos europeos, a esquerda non recupera ata o momento espazos políticos e electorais, amosándose parentemente incapaz de reverter estas políticas de austeridade e de posibilitar alternativas de carácter progresista á crise.

No horizonte aparecen dous momentos electorais decisivos para a esquerda europea. O primeiro, as eleccións legislativas en Alemaña previstas para setembro próximo, que eventualmente poderían animar ao centroesquerda europeo no caso de que o líder do socialdemócrata SPD, **Peer Steinbrück**, logre acabar coa hexemonía da coalición demócrata cristiá e liberal (CDU-FDP) imperante desde 2005 e encarnada en

Merkel<sup>(2)</sup>. Pero as perspectivas son incertas e pouco probables neste sentido, segundo aseguran as enquisas, aínda que o SPD podería eventualmente beneficiarse das coalicións políticas postelectorais<sup>(3)</sup>. Incluso, especúlase con que Merkel podería pactar co SPD a conformación dunha “gran coalición” en Berlín similar á acaecida entre o anterior chanceler **Gerhard Schröder** coa CDU.

O outro momento electoral chave para Europa serán as eleccións ao Parlamento europeo de 2014. Aquí, os partidos “euroescépticos”, populistas e incluso a extrema dereita poden aproveitarse da atomización política e da actual parálise do proceso de integración.

2 “Unión Europea: ¿La imaginación al poder?”, *Informe Semanal de Política Exterior*, Estudios de Política Exterior, S.A (España), Nº 838, 22 de abril de 2013.

3 “Allemagne: Peer le gaffeur”, *Jeune Afrique* (Francia), Nº 2.279-2.230, do 28 de abril ao 11 de maio de 2013.

#### d) O avance das alternativas “antisistema”

Así e todo, a potenciación do modelo tecnócrata de austeridade e a división da esquerda europea, factores que igualmente explican unha notable crise de lexitimidade dentro dos partidos políticos tradicionalmente hexemónicos en Europa, igualmente está alimentando a aparición de movementos “antisistema” neste heteroxéneo mapa político continental, moitos deles críticos co modelo de integración da UE, afirmando o ascenso dun perfil de marcado cariz “antieuropeísta” e “euroescéptico”.

Ao xa mencionado “Movemento Cinco Estrelas” de Beppe Grillo en Italia debe sumarse a aparición doutras formacións como Alternative für Deutschland, de carácter euroescéptico e incluso próximo ao populismo de dereitas, que ten notables posibilidades de acceder ao Parlamento alemán nos próximos comicios legislativos. Paralelamente, as eleccións municipais en Inglaterra e Gales celebradas o pasado 1º de maio consolidaron o ascenso do euroescéptico Partido da Independencia do Reino Unido (UKIP), liderado por **Nigel Farage**.

Pola súa banda, a atribulada Grecia sometida á tutela da “troika” desde 2010 estase a converter paulatinamente nunha especie de laboratorio de novas tendencias e formacións políticas con notable éxito electoral,

algunha delas con marcada orientación extremista. Os dous casos mais notorios foron o avance nas eleccións parlamentarias de 2012 da fronte de esquerdas SYRIZA liderada por **Alexis Tsipras** e da extrema dereita de Amencer Dourado. A raíz do seu éxito electoral, ambas formacións iniciaron un inmediato proceso de “internacionalización” a fin de conformar novas plataformas exteriores, principalmente dentro da área mediterránea (Chipre, España, Italia).

A crise e o modelo imperante na UE está favorecendo o impulso da extrema dereita europea e dos partidos populistas de dereita, gañando diversos espazos públicos e políticos, amparados igualmente pola indignación cidadá e a crise da socialdemocracia. Casos notorios poden destacarse: o avance do xenófobo partido Jobbik en Hungría e da Fronte Nacional francesa, agora liderada por **Marine Le Pen**, os cales poden ter incidencia noutros contextos europeos como Italia, Eslovaquia, Romanía, España, Holanda, etc. Paralelamente, o actual contexto inclúe a potenciación das demandas soberanistas por parte dos denominados “nacionalismos periféricos”, en especial Escocia (que celebrará referendo independentista en 2014), Catalunya, Euskadi e Flandres, entre outros.

IGADI. 6 de maio de 2013.